

# O BAZAR DAS SORPRESAS

Ernst Lubitsch, 1940

# 1434

ESTREA EN NUMAX: 23.12.2024 | V.O.S.E. | 94 min

Alfred Kralik é o tímido xefe de vendedores de Matuschek e Compañía, unha tenda de Budapest. Todas as mañás, os empregados agardan xuntos a chegada do seu xefe, Hugo Matuschek. A pesar da súa timidez, Alfred responde o anuncio dun xornal e mantén un romance por correspondencia. O seu xefe decide contratar unha tal Klara Novak en contra da opinión de Alfred. No traballo, Alfred discute constantemente con ela, sen sospeitar que é a súa correspondente segreda.

«Podemos tentar facer que o vello  
sexa novo, pero só tivemos un Ernst  
Lubitsch, foise hai moito tempo e  
non imos ter outro»

Jaime N. Christley, SLANT



## Un sorriso perpetuo

Parece mentira, visto desde a actualidade, que un xénero devastado pola cursilería, o conservadurismo, a obviedade, a gratuidade, a prefabricación e a mediocridade, en definitiva, como a comedia romántica puido ser nalgún tempo pasado un prodixio de gusto, sutileza e emocións ao mesmo tempo veladas e explosivas. Claro que falamos de Ernst Lubitsch, palabras maiores, considerado pai da comedia sofisticada, asinante de películas cun fondo dunha riqueza e complexidade inabarcable, debuxado con pinceladas tan imperceptibles como intensas.

Pouco importa que *O bazar das sorpresas* supere os 80 anos de idade. O Budapest que trata de sacar a cabeza e recuperar a dignidade tras a crise de 1929 é un mundo recoñecible, especialmente a día de hoxe. É este o marco no que se encadra, como unha parte máis dun conxunto que rexistra a vida cotiá e o sentir da sociedade do momento, o romance entre Alfred Kralik (James Stewart, impecable coma sempre) honesto e un tanto estirado xefe de vendas, e a recentemente chegada Klara Novak (unha atinada Margaret Sullavan), unha moza atractiva, chispeante e segura de si mesma.

O relato confluyente de amor secreto e odio declarado entre ambos -mil veces imitada e por iso algo predicible, sen que aínda así mingüe a súa calidade- transcorre pleno de encanto, tenrura, sensibilidade e elegancia, sen caer nunca en excesos melodramáticos baratos, sen gargalladas pero cun sorriso perpetuo e cuns tempos perfectamente calibrados polo realizador xermano, integrado á perfección nese contexto dramático no que o libreto de Samson Raphaelson (un dos guionistas de confianza do berlinés, con nove colaboracións en total, adaptando a peza teatral de Miklós László) dosifica con xeito, intelixencia e medida unhas doses de acidez e amargura que achegan unha sutil e soterrada complexidade a ese aspecto enganosamente leve e delicado do filme.

Unha negra sombra, neste caso, que crea un verdadeiro impacto subconsciente, oculto no transfondo, derivado do reflexo dunha sociedade á que a desesperación económica logra sacar o peor de si mesma –a hipocrisía e o arribismo, personificada no personaxe de Varnas (Joseph Schildkraut); a desconfianza, a deshumanización de personaxes esencialmente positivos pero confundidos polas circunstancias, como o caso do entrañable señor Matuschek (enorme Frank Morgan)-. Unha tendencia negativa á que se ha de combater coa teimosía dunha humanidade firme e incólume como a do honrado e paciente Kralik ou Pirovitch (Felix Bressart, adorable roubaplanos que completa unha plana principal que ofrece unhas interpretacións de auténtico luxo).

Volvendo a tempos contemporáneos, os insulsos Tom Hanks e Meg Ryan protagonizarán a presunta modernización d' *O bazar das sorpresas* en *Tes un e-mail* (Nora Ephron, 1998). Pero, inevitablemente, é o remake o que parece avellentado en comparación co seu precedente.